

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 19 DE MAIO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE DIEGO CALVO POUSO

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Mos, para a fase II do proxecto de remodelación do contorno da igrexa de San Miguel de Pereiras, por un importe total de trescentos noventa e nove mil euros (399.000,00€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva e do subprograma Ramón y Cajal (convocatoria Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidade de 2023), por importe de oitocentos trinta e tres mil douscentos cincuenta euros (833.250,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades privadas de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para o anos 2025 a 2027, cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE + Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria. Total: vinte millóns oitocentos noventa e tres mil cincocentos vinte e cinco euros (20.893.525,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o desenvolvemento do programa Vacacións en paz 2025. Importe: cen mil euros (100.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (Xesgalicia) e o Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia, para a posta en marcha do Foco de emprendemento no sector do deporte e o benestar (Business Factory Sport – BFSport), por un importe total de cinco millóns catrocentos oitenta e sete mil douscentos trinta euros (5.487.230,00 €), e a exención de constitución de garantías e superación da porcentaxe no pagamento anticipado.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura e a exención de garantías nos pagamentos anticipados e á conta do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (DIHGIGAL), para dar continuidade ao financiamento dos custos de xestión e coordinación do Hub de Innovación dixital DIHGIGAL, por un importe total de cincocentos vinte e cinco mil euros (525.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura e a exención de garantías nos pagamentos anticipados e á conta do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o Hub de carácter estratéxico asociación DIH DATALIFE para dar continuidade ao financiamento dos custos de xestión e coordinación do Hub de Innovación Dixital DATALIFE, por un importe total de cincocentos vinte e cinco mil euros (525.000,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da senda na PO-400 entre O Castro e As Neves, cun orzamento de cincocentos setenta e dous mil seiscientos quince euros con cincuenta e sete céntimos (572.615,57 €).
- Acordo polo que se aproba o programa Fogar Vivo para o período 2025-2028, cun importe de cinco millóns setecentos mil euros (5.700.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de Pontevedra á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. para a construción de 118 vivendas de promoción pública (VPP).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 54 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos, na parcela denominada P19, polígono B1, sita en Valdecorvos (Pontevedra) por un importe de licitación de catrocentos corenta e sete mil setecentos quince euros con setenta e sete céntimos (447.715,77 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Ponteceso, para a execución das obras de construción dunha senda na AC-419 pp.qq. 2+990-3+350 ME, no lugar de Pazos, por un importe de trescentos noventa e sete mil douscentos corenta e nove euros con setenta céntimos (397.249,70 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza de centros dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee (centros de saúde, PAC e outros), pertencentes ao Servizo Galego de Saúde, por un importe de cinco millóns cento oitenta e sete mil douscentos oitenta e catro euros con oitenta e catro céntimos (5.187.284,84 €), IVE incluído, e un valor estimado de sete millóns douscentos oitenta e sete mil novecentos vinte euros con oitenta e catro céntimos. (7.287.920,84 €).
- Acordo polo que autoriza a contratación da subministración sucesiva, mediante acordo marco de material funxible e posta á disposición do equipamento necesario para a realización de hemodiálise con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de trece millóns setecentos oitenta e cinco mil trescentos vinte e oito euros con cincuenta e nove céntimos (13.785.328,59€), IVE incluído, e un valor estimado de vinte e seis millóns novecentos oitenta e tres mil novecentos trinta e oito euros con setenta e oito céntimos (26.983.938,78€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento de aparellos elevadores, portas automáticas e portas motorizadas, e escaleiras mecánicas dos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de dous millóns novecentos corenta e dous mil oitocentos corenta e un euros, con IVE (2.942.841,00 €), e un valor estimado de catro millóns cincocentos trinta e nove mil novecentos vinte euros, sen IVE (4.539.920,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cee no que se establecen as bases para a reforma do centro de saúde de Cee, por importe de trescentos vinte e dous mil oito euros con trinta e seis céntimos (322.008,36 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña para o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión da música operística en 2025 coa representación da ópera Carmen, por importe de cento sesenta mil euros (160.000 €), así como a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia para o desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas, por un importe de cincocentos oitenta e nove mil cincuenta euros (589.050,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a petición á Comisión Galega da Competencia da emisión de informe en relación ao bloqueo na venda anticipada dos seus billetes na Comunidade Autónoma de Galicia por parte da empresa "Renfe Viajeros S.M.E.".

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón das axudas para compensar as paradas temporais na pesqueira do xurelo e do polbo.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre actuacións no Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro Familiar para Persoas Coidadoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o inicio das medidas extraordinarias postas en marcha desde a Antena do Igape en Miami, para paliar o impacto da nova política arancelaria dos EE.UU. no tecido empresarial galego.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe do balance de actividade da Xunta de Galicia no ano 2024.
- Informe sobre o proceso de apagamento das centrais de cobre de Telefónica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe final do programa de Vixilancia Sanitaria das zonas de baño de Galicia. Ano 2024.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Orde pola que se aproban as bases reguladoras para promover a primeira experiencia profesional das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o plan anual de actuación para a recuperación da terra agraria de Galicia 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O PATRIMONIO CULTURAL DO CONCELLO DE MOS REMODELANDO O CONTORNO DA IGREXA DE SAN MIGUEL DE PEREIRAS

A actuación alíñase coa Estratexia de Turismo de Galicia 2030 e busca, sobre todo, poñer en valor este recurso turístico local

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura do convenio entre Turismo de Galicia e o Concello de Mos, mediante o cal se realizará a fase II do proxecto de remodelación do contorno da igrexa de San Miguel de Pereiras. Segundo se detalla no convenio, a totalidade do ámbito do proxecto está incluída no contorno de protección de elementos do Catálogo de Patrimonio Cultural. Por iso, as actuacións buscarán poñer en valor o elemento protexido limitando as intervencións aos espazos arredor do adro da igrexa e respectando esta última.

O proxecto alíñase coa Estratexia de Turismo de Galicia 2030, que ten como misión impulsar un turismo auténtico e sustentable, co marco do Xacobeo 2027 no horizonte. Este documento establece como unha das súas misións a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial.

A construción data do ano 1788, segundo consta nun lateral do edificio. A igrexa, executada en sillería granítica, é de reducidas proporcións e aparece delimitada por un pequeno valo, que define o ámbito do adro parroquial.

Entre as intervencións previstas está a pavimentación do ámbito e a implantación de instalacións urbanas. Farase unha plataforma única, sen limitar entre a zona de peóns e a zona de paso de vehículos. O obxectivo é que as persoas viandantes poidan apropiarse da zona de tránsito motorizado, que deberá reducir a velocidade de circulación na zona.

Substituirase, ademais, a rede de iluminación pública e soterraranse as redes eléctrica e telefónica. Adecuarase a rede de pluviais actual, con novas infraestruturas como unha nova rede de saneamento e acometida de auga. O proxecto inclúe unha parte de axardinamento e arboredo, así como a dotación de mobiliario urbano con bancos, papeleiras e contedores. Ademais, a colaboración busca xerar un espazo de convivencia veciñal de calidade, para o cal se acometerán diversas actuacións que priorizarán o uso peonil.

O convenio aprobado hoxe establece que Turismo de Galicia asumirá o custo das actuacións cifrado en 399.000€. Unha vez asinado, o convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 800.000 € A COFINANCIAR A CONTRATACIÓN DE 34 CIENTÍFICOS NAS UNIVERSIDADES COS PROGRAMAS RAMÓN Y CAJAL E JUAN DE LA CIERVA

- A Consellería de Ciencia asina convenios coas tres universidades públicas para asumir os gastos de incorporación a tempo completo destes investigadores
- Esta acción enmárcase na estratexia do Goberno galego de captación, formación e retención de talento, en liña co Plan galego de I+D+i 2025-2027

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Goberno autonómico e as tres universidades públicas galegas para o cofinanciamento da contratación de 34 científicos cos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva. A Xunta destinará un total de 833.250 euros á Universidade de Santiago de Compostela, á Universidade da Coruña e á Universidade de Vigo para que estes investigadores desenvolvan a súa actividade en Galicia nos próximos anos, sen que iso supoña ningún custo adicional para as arcas dos organismos universitarios.

Deste xeito, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional cofinanciará a contratación de 19 científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador, beneficiarios do subprograma estatal Ramón e Cajal, e outros 15 investigadores do programa estatal Juan de la Cierva. Grazas ao apoio da Xunta, as universidades públicas poderán contratar os candidatos seleccionados a tempo completo os anos que duren estes programas e coas condicións establecidas neles.

Estas liñas de axudas súmanse a outras impulsadas como a autorización a pasada semana, tamén en Consello, dunha axuda de case 1M€ para reforzar o traballo de tres científicos que acadaron un contrato do Consello Europeo de Investigación para o período 2025-2029. Ademais, a través do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, a Xunta traballa na captación, retención e atracción de talento investigador excelente mediante o programa Oportunius, as axudas para grupos de referencia competitiva e potencial crecemento, así como a Fundación Galtia e o programa Retorna Talento I+D, entre outras.

Programa Ramón y Cajal

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada e brillante en centros de I+D+i. Ao abeiro do convenio autorizado hoxe, o Goberno galego destina un total de 683.250 euros a financiar a contratación de 19 investigadores deste programa por parte das tres universidades públicas galegas durante cinco anos, a razón de nove na USC, seis na UDC e catro na UVigo.

A Consellería de Educación paga os custos de persoal que non teñen financiamento na convocatoria estatal, para que a súa contratación non lles supoña gasto ningún ás universidades. O acordo abrangue todo o período de vixencia do contrato (os cinco anos), cunha contía por contrato de 36.000 euros, a razón de 6.000 euros ao ano por persoa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contratada durante os tres primeiros anos e 9.000 euros ao ano durante os dous seguintes anos.

Programa Juan de la Cierva

Pola súa banda, o Executivo galego tamén financia con 150.000 euros a captación do talento de 15 investigadores a través do programa Juan de la Cierva na modalidade de formación. Concretamente, desenvolverán a súa actividade na USC nove científicos, na UVigo serán cinco e un na UDC.

A Consellería paga os custos de persoal que non teñen financiamento público por parte do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, para que tampouco lles supoña gasto ningún ás universidades galegas. Neste caso, os contratos Juan de la Cierva teñen unha duración de dous anos e a Xunta aboará 5.000 euros por contrato ao ano.

A finalidade é incentivar as universidades galegas para que se presenten á convocatoria deste programa Juan de la Cierva, ao saber que non teñen que pagar a parte que non financia o Ministerio. Así mesmo, foméntase a contratación de mozos doutores por un período de dous anos, para que completen a súa formación investigadora posdoutoral en centros de I+D+i.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA CASE 21 M€ OS VINDEIROS DOUS ANOS A FINANCIAR SERVIZOS E PROGRAMAS NO ÁMBITO DA INCLUSIÓN QUE LEVEN A CABO ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, salienta que o orzamento desta orde sobe “case un 6%” con respecto á anterior
- Financiará programas e servizos entre o 1 de maio deste ano e o 30 de abril de 2027
- As subvencións poderán destinarse a “centros de inclusión e emerxencia social”, e a actuacións que favorezan a inclusión sociolaboral de poboación inmigrante, de persoas en situación ou risco de exclusión social e de persoas sen fogar

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova orde de subvencións plurianuais para o período 2025-2027, dirixida a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e de inclusión social. A convocatoria contará, tal e como sinalou o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, cun orzamento de “20,8 millóns de euros, a cifra máis alta na historia da Comunidade”.

En concreto, segundo subliñou Calvo, o Goberno galego incrementa o importe total destas axudas en “case un 6%” —1,1 millóns de euros máis— “con respecto á anterior convocatoria”, que foi a de 2023-2025. A orde está cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus 2021-2027 e a través dela financiaranse programas e servizos no ámbito da inclusión entre o 1 de maio deste ano e o 30 de abril de 2027.

As entidades de iniciativa social poderán destinar estes fondos ao funcionamento dos seus “centros de inclusión e emerxencia social, como comedores sociais, albergues ou centros de acollida”, apuntou Calvo. Tamén están destinados a programas e actuacións que favorezan “a integración e o acceso ao mercado laboral” de persoas inmigrantes e outras en situación ou risco de exclusión social.

Así mesmo, a convocatoria potencia novamente as medidas centradas na atención ás persoas sen fogar, cunha liña de achegas para apoialas e facilitar a súa inclusión residencial.

A Xunta volve darlle carácter plurianual a esta orde para responder ás necesidades das entidades, que deste xeito dispoñen dunha maior estabilidade na súa planificación e programación, e tamén reducen a súa carga administrativa. Na anterior convocatoria resultaron beneficiadas 104 entidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 100.000 € PARA QUE NENOS SAHARAUÍS DESFRUTEN DO VERÁN CON FAMILIAS GALEGAS

Mantense a colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para desenvolver, un ano máis, o programa *Vacacións en Paz*

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) por un importe de 100.000 euros para levar cabo, un ano máis, o programa *Vacacións en Paz*. A través deste acordo, a Administración autonómica subvenciona os desprazamentos a Galicia de nenas e nenos saharauís procedentes dos campamentos de refuxiados de Tindouf, en Alxeria.

O obxectivo deste programa é que os menores que son acollidos por familias galegas durante os meses de xullo e agosto disfruten dun tempo de lecer, con todas as súas necesidades cubertas (aloxamento, manutención, atención sanitaria...) e protexidos dos 50º de temperatura que na época estival se chegan a acadar no campamentos de onde veñen.

Vacacións en Paz véñse desenvolvendo desde 1991. O convenio prevé o pagamento anticipado do 100% da axuda concedida, para que Sogaps conte coa liquidez suficiente para realizar esta iniciativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A BUSINESS FACTORY SPORT PARA FOMENTAR O EMPRENDIMENTO INNOVADOR NO SECTOR DO DEPORTE E O BENESTAR

- O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia, que suma preto de 5,5 millóns de euros que permitirán incubar, acelerar e consolidar 56 proxectos empresariais ata 2027 cunha clara vocación internacional
- A nova aceleradora pretende converter Galicia nun referente europeo na innovación aberta e disruptiva ligada ao deporte e ao benestar
- O programa estrutúrase en tres convocatorias anuais en que se apoiará a creación de startups viables e escalables, con apoio integral en financiamento, asesoramento, formación e acceso a mercados
- A iniciativa conta coa integración dos axentes necesarios para configurar en Galicia un ecosistema de innovación no sector do deporte e benestar, capaz de captar e reter talento, ademais de fortalecer o seu posicionamento e proxección cara ao exterior

A Xunta de Galicia autorizou a posta en marcha da Business Factory Sport (BFSport), unha nova aceleradora de emprendemento innovador centrada no sector do deporte e o benestar. Trátase dun proxecto pioneiro que nace da colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape e de Xesgalicia, e o Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia, e que contará cun investimento total de case 5,5 millóns de euros para impulsar un total de 56 proxectos empresariais nos vindeiros tres anos.

O obxectivo fundamental da BFSport é consolidar en Galicia un ecosistema de innovación especializada que promova a creación de startups viables, escalables e con capacidade para internacionalizarse. A iniciativa pretende converter a Comunidade nun referente europeo na innovación aberta e disruptiva aplicada ao deporte e ao benestar, un ámbito en que conflúen tecnoloxía, saúde, calidade de vida, actividade física e sustentabilidade.

Ao longo dos exercicios 2025, 2026 e 2027, a BFSport organizará tres convocatorias consecutivas que inclúen fases de incubación (24 proxectos), aceleración (18) e consolidación (14). Cada edición do programa estruturará o seu traballo en catro etapas: deseño da convocatoria e definición de retos, captación e selección de iniciativas, execución dos itinerarios e finalización a través de eventos de exposición pública e contacto con investidores (*Demo Day* e *Investors Day*).

O programa ofrécelles un apoio integral aos emprendedores, combinando acompañamento técnico, formación especializada, acceso a infraestruturas físicas e tecnolóxicas, conexión con empresas tractoras e soporte para a captación de financiamento. Ademais, prevé a implicación de socios internacionais e hubs de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

innovación que facilitarán a entrada das startups galegas en mercados exteriores, así como a súa participación en eventos internacionais clave.

En canto ao financiamento, o Igape, ademais de cofinanciar os custos de xestión, coordinación e execución da BFSport, apoiará os proxectos en fase de aceleración cunha achega de ata 25.000 euros por iniciativa. Ademais, os proxectos poderán contar co apoio de Xesgalicia e a achega será de 50.000 euros para a fase de aceleración e de ata 250.000 euros na fase de consolidación.

A BFSport tamén busca fortalecer o tecido empresarial galego mediante a captación e retención de talento, a transferencia de coñecemento entre centros tecnolóxicos e empresas, e a creación de sinerxías que impulsen a economía do benestar como un sector estratéxico. O seu impacto espérase tanto en termos de actividade económica como na promoción de hábitos saudables, o envellecemento activo e o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas para o deporte e a saúde.

Rede galega de aceleradoras

Este novo programa vertical complementa e mellora a Rede galega de aceleradoras, iniciado en Galicia coa posta en marcha da Business Factory Auto (BFAuto) no ano 2016 e consolidado a través de experiencias de éxito como BFAero, BFFood e BF ClimaTech, ás que se suman outras iniciativas como VíaGalicia.

En conxunto, estas aceleradoras permitiron impulsar ata o de agora máis de 830 proxectos innovadores e a creación de máis de 1.400 empregos cualificados, o cal posiciona Galicia como un dos ecosistemas emprendedores máis activos e recoñecidos de España.

Con esta aposta estratéxica, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso co apoio ao emprendemento innovador, a competitividade empresarial e a internacionalización do tecido produtivo, favorecendo a aparición de proxectos empresariais de alto valor engadido que contribúan ao crecemento sustentable e á modernización da economía galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POLA COOPERACIÓN PARA POSICIONAR GALICIA COMO REFERENTE EN TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN EMPRESARIAL

- A Consellería de Economía e Industria investirá máis de 1 millón de euros ata 2027 encamiñado á continuidade dos hubs tecnolóxicos DIHGIGAL e DATALIFE para apoiar a dixitalización das pemes galegas
- A través da colaboración con DIHGIGAL, promóvese a incorporación de solucións tecnolóxicas avanzadas no tecido industrial, ofrecéndolle acompañamento e formación para apoiar as empresas nos seus procesos de transformación dixital, ser máis innovadoras e gañar tamaño
- O hub de innovación dixital Datalife achega a tecnoloxía dixital a toda a cadea de valor do sector biotecnolóxico de Galicia, identifica retos tecnolóxicos nas área da saúde, a economía circular ou os novos produtos e dota estes sectores das ferramentas necesarias para afrontalos

A Xunta de Galicia aprobou, no Consello que tivo lugar hoxe, a sinatura de dous convenios coa Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (DIHGIGAL) e coa asociación DIH DATALIFE, dous hubs estratéxicos que desempeñan un papel clave na modernización do tecido empresarial galego. A Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), destinará 1.050.000 euros nos próximos tres anos a financiar os custos de xestión, coordinación e execución destas entidades.

O obxectivo é sumar esforzos e capacidades tecnolóxicas para achegar a innovación baseada na transformación dixital a todas as empresas galegas, con especial atención ás pequenas e medianas. Estes convenios dan continuidade ás accións impulsadas pola Xunta nos últimos anos, que permitiron a posta en marcha e a consolidación destes dous hubs de innovación dixital.

Así, DIHGIGAL céntrase na dixitalización do sector industrial galego. Desde a súa creación, ten facilitado o acceso das empresas a tecnoloxías emerxentes, acompañándoas en procesos de innovación, optimización de procesos e desenvolvemento de novos modelos de negocio.

Pola súa banda, o hub DATALIFE presta servizos avanzados á cadea de valor do sector biotecnolóxico de Galicia e céntrase en áreas como a saúde, a economía circular ou os novos produtos. Ofrece asesoramento tecnolóxico, acceso a financiamento e redes europeas, e apoio á innovación dixital, e incorpora ferramentas como a intelixencia artificial, o big data ou a ciberseguridade.

A Xunta reforza así o seu compromiso co impulso dun tecido produtivo máis competitivo, moderno e sustentable. A colaboración con DIHGIGAL e DATALIFE permite trasladar a innovación e as tecnoloxías dixitais ao conxunto do tecido empresarial galego,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fomentando un ecosistema baseado no coñecemento, a cooperación e a creación de emprego cualificado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA CONSTRUIR UNHA SENDA NA ESTRADA PO-400, ENTRE O CASTRO E A VILA DAS NEVES, CUN INVESTIMENTO DE CASE 573.000 €

- O Goberno galego tamén aprobou o expediente correspondente aos trámites de información pública deste proxecto
- A Xunta prevé realizar no 3º trimestre do ano a convocatoria dos actos expropiatorios e licitar as obras no 1º trimestre de 2026 para, a continuación, executalas
- O obxectivo é a execución dun novo itinerario peonil no tramo desta vía autonómica entre os puntos quilométricos 8+770 e 9+950, que comunica O Castro e As Neves
- Esta actuación complementa a mellora da intersección da PO-400 coa vía que dá acceso a Setados, cuxo proxecto construtivo se está a supervisar de cara á licitación das obras
- Esta actuación permitirá que a veciñanza realice desprazamentos a pé máis seguros e sustentables neste contorno
- A intervención enmárcase na 2ª fase do Plan de sendas de Galicia, que prevé executar máis de 120 km de itinerarios nas estradas autonómicas, cun orzamento de 69,7M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para construír unha senda na estrada PO-400 entre O Castro e a vila das Neves, que suporá un investimento de preto de 573.000€.

O Goberno galego tamén aprobou o expediente correspondente aos trámites de información pública deste proxecto que se desenvolverá no concello pontevedrés das Neves.

O Executivo autonómico prevé realizar no terceiro trimestre deste ano a convocatoria dos actos de levantamento de actas previas e de ocupación das obras. Ademais, prevese aprobar o proxecto de construción e licitar as obras no primeiro trimestre de 2026 para, a continuación, executalas.

O obxectivo é a execución dun novo itinerario peonil no tramo desta vía autonómica comprendido entre os puntos quilométricos 8+770 e 9+950, que comunica O Castro e As Neves.

O itinerario, cunha lonxitude de case 1 quilómetro, iníciase no núcleo das Neves, dándolle continuidade á beirarrúa municipal situada á esquerda da estrada. Nesta zona existe un paso de peóns e a partir deste punto continuará a senda pola marxe dereita da estrada ata o núcleo do Castro, a partir do cal a senda se desdobra.

A senda discorre paralela á estrada ata o punto quilométrico 9+550, a partir do cal aproveita o antigo trazado da PO-400, regresando a continuación á marxe da PO-400 para encarar o treito final. Este punto final enlaza co inicio do proxecto de mellora de intersección no p.q 9+980 da PO-400, que dá acceso a Setados, cuxo proxecto de trazado fora aprobado xa no Consello da Xunta e do cal se está a supervisar o proxecto construtivo de cara á execución das obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta actuación permitirá unha circulación máis segura e sustentable dos peóns, e quedan tamén incluídas neste ámbito as paradas de transporte existentes.

2ª fase Plan de sendas de Galicia

A actuación enmárcase na 2ª fase do Plan de sendas de Galicia, que inclúe a execución de máis de 120 quilómetros de itinerarios nas estradas autonómicas ata o vindeiro ano 2027, cun orzamento de 69,7M€.

A Xunta dálle así continuidade á 1ª fase do plan, que xa permitiu acometer case 300 quilómetros de novas sendas e beirarrúas cun investimento de preto de 144 M€, e que foi recentemente distinguido nos premios europeos á excelencia na seguridade viaria 2024, impulsados pola *European Road Safety Charter* (ERSC).

Plano de situación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5,7 M€ A UN NOVO PROGRAMA PARA IMPULSAR QUE 1.300 VIVENDAS DE TITULARIDADE PRIVADA ENTREN NO MERCADO DE ALUGUEIRO

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, salienta que os propietarios poderán recibir “ata 16.000 €” en axudas para reformas ou seguros
- O programa Fogar Vivo inclúe unha axuda económica directa para os que arrenden a menores de 36 anos e persoas con menores ou dependentes ao seu cargo
- Os beneficiarios deberán manter o inmovble en alugueiro con renda accesible durante polo menos 5 anos
- O obxectivo, como resaltou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, é “dar unha segunda vida” a vivendas baleiras e dar a oportunidade “de acceder a un fogar digno e de calidade”

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que o Consello aprobou “destinar 5,7 millóns de euros a un novo programa para promover que 1.300 vivendas de titularidade privada se poñan en alugueiro con rendas accesibles”. Trátase do programa Fogar Vivo, anunciado o pasado mes de abril polo presidente Alfonso Rueda no Parlamento, e que busca ampliar a oferta de inmoables en alugueiro na comunidade.

Tal e como explicou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, as axudas – “que esperamos ter convocadas este verán”- van dirixidas a propietarios de vivendas baleiras para “darlles unha nova vida e que supoñan unha oportunidade para acceder a un fogar digno, de calidade” e a un prezo accesible.

Tal e como explicou Calvo, os propietarios poderán recibir “ata 16.000 €” por vivenda para realizar reformas e adaptala para poñela en alugueiro ou para cubrir os gastos de seguros de impago ou de fogar. Unhas medidas que se suman, como lembrou a conselleira, “aos incentivos fiscais que están en marcha desde xaneiro” para os propietarios que poñan en alugueiro novos inmoables.

Entre os requisitos para que as vivendas poidan acceder ao programa Fogar Vivo é que estas deben estar baleiras, entendéndose por tales aquelas que non fosen arrendadas nos tres meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

Ademais, as vivendas deberán destinarse ao alugamento, cando menos, durante cinco anos ou sete anos no caso de persoas xurídicas, de acordo co previsto na lexislación de arrendamentos urbanos.

Características principais do programa

A contía máxima das subvencións impulsadas pola Xunta será de 16.000 euros por vivenda, e variará segundo se as actuacións son para a adecuación e reparación das vivendas que se incorporen ao mercado de alugamento cunha renda accesible ou se son axudas directas, para facer fronte ao custo dos seguros de impagamento e ou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de multirrisco no fogar, como garantía do contrato de alugamento que se formalice no marco deste programa.

En concreto, os incentivos para a adecuación e reparación das vivendas que se incorporen ao mercado de alugamento cunha renda accesible poderán acadar ata os 11.000 euros. As actuacións subvencionaranse polo 80% do gasto xustificado, con independencia do número de actuacións que se realicen.

Pago anticipado

Para facer efectivas estas axudas, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata un 80% das axudas concedidas previamente á xustificación das obras executadas. Neste suposto, o 20% restante pagarase coa xustificación final da obra.

Ademais, o novo programa propón incentivos vinculados, con axuda económica directa para aqueles contratos de alugamento en que figure/n como persoa/s arrendataria/s mozos e mozas menores de 36 anos, persoas con menores a cargo ou unidades familiares con persoas dependentes ao seu cargo con algún grao de discapacidade, no caso de vivendas que solicitaran a axuda para a adecuación e reparación. A contía da axuda será de 2.000 euros.

Doutra banda, o programa Fogar Vivo tamén dispón de axudas económicas directas, para facer fronte ao custo dos seguros de impagamento de rendas e/ou seguros de multirrisco de fogar como garantías do contrato de alugamento que se formalice no marco deste programa. A contía da axuda será de ata 3.000 euros para toda a duración do contrato de alugamento (5 anos para as persoas físicas, 7 anos para as persoas xurídicas).

As liñas básicas deste programa foron validadas na Sección de intermediación e financiamento do Observatorio de Vivenda de Galicia que tivo lugar o 25 de abril de 2025 en que estaban representados os concellos de Galicia por medio da Fegamp; os axentes da propiedade inmobiliaria por medio do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria; as inmobiliarias de Galicia a través da Asociación Galega de Inmobiliarias; o Consello Galego de Arquitectura Técnica, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Federación de Promotores de Galicia e a Asociación Provivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVARÁ A CONSTRUCIÓN DE CASE 120 NOVAS VIVENDAS PÚBLICAS EN SOLOS CEDIDOS POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA

- O Goberno galego toma razón do expediente de aceptación da cesión gratuíta de tres parcelas en distintas localizacións da cidade para seguir ampliando o parque público residencial
- A Xunta mantén o compromiso de seguir avanzando nesta lexislatura no incremento do parque público residencial, e neste momento ten xa en marcha máis de 2.200 vivendas nas sete grandes cidades

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido por parte do Concello de Pontevedra á Xunta, que lle permitirá á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, activar a construción de 118 novas vivendas de promoción pública no municipio.

No marco do compromiso firme do Goberno galego de duplicar o parque público de vivenda na Comunidade para o ano 2028, a Xunta recibiu o compromiso do Concello de Pontevedra da cesión da titularidade gratuíta de tres parcelas, co fin de crear vivenda protexida de promoción pública na cidade.

Estas parcelas sitúanse en distintas localizacións do municipio. Unha delas correspóndese coa parcela P19 de 3.220 metros cadrados localizada no polígono B1 de Valdecorvos, na rúa Prado Novo, nº 4, e na cal se prevén construír 54 vivendas de promoción pública; outra é a parcela P7 da unidade de actuación nº 7, situada na rúa Ernestina Otero Sestelo, cunha superficie de 1.164 m², e un número de novas vivendas que se calcula que acaden as 53.

Ademais, localízase a parcela P3 da unidade de actuación nº 15, de 540 m², localizada na rúa As Devesas, nº 8, na cal se prevé construír outras 11 vivendas de promoción pública.

A Xunta mantén o compromiso de seguir avanzando nesta lexislatura no incremento do parque público residencial, e neste momento ten xa en marcha máis de 2.200 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo ou Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A CONTRATACIÓN DO NOVO PROXECTO PARA CONSTRUIR OUTRAS 54 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN VALDECORVOS, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

- Trátase do primeiro proxecto que impulsa a Consellería de Infraestruturas e Vivenda en solo cedido polo Administración local
- O contrato, que se licita hoxe por case 450.000 euros, inclúe a redacción do proxecto básico e de execución e direccións de obra para a construción de 54 VPP, garaxes e rochos, na parcela localizada na rúa Prado Novo, nº 4
- O prazo de redacción do proxecto básico e de execución é de cinco meses
- Con esta nova edificación, o Goberno galego impulsa neste barrio pontevedrés un total de 236 novas vivendas

O Executivo autonómico tomou razón da contratación do novo proxecto para a construción doutras 54 novas vivendas de promoción pública en Valdecorvos, no municipio de Pontevedra.

Trátase do primeiro proxecto que impulsa a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), en solo cedido polo Administración local. En concreto, trátase dunha das tres parcelas aceptadas hoxe polo Goberno galego na reunión do Consello da Xunta.

A licitación hoxe deste contrato, por un investimento de case 450.000 euros, inclúe a redacción do proxecto básico e de execución e direccións de obra para a construción de 54 VPP, garaxes e rochos, no polígono B1, en Valdecorvos.

A edificación estará situada na parcela denominada P19 do citado polígono, urbanizada pola Xunta, e ten unha superficie de 3.220 metros cadrados.

O prazo para a entrega da redacción do proxecto básico e de execución é de cinco meses.

Con esta nova edificación, a Xunta impulsa nesta zona de Pontevedra un total de 236 novas vivendas de promoción pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE PONTECESO NA EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL EN PAZOS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 400.000 €

- O Goberno galego financiará estes traballos coa achega do 70% do orzamento, é dicir, máis de 278.000€, e o Concello achegará o investimento restante, case 120.000€
- O obxectivo da intervención é a construción dunha senda peonil en Pazos, na marxe esquerda da estrada AC-419, entre o punto quilométrico 2+990 e o 3+350
- O proxecto tamén abrangue a habilitación dunha zona de aparcamento, dous pasos de peóns e un reforzo da sinalización
- Estes proxectos desenvólvense ao abeiro do Plan Hurbe, un programa de apoio aos concellos para promover actuacións que contribúan a dinamizar as vilas galegas e a mellorar a calidade de vida da súa veciñanza

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Ponteceso para a execución dunha senda peonil en Pazos, que suporá un investimento de case 400.000€.

O Goberno galego financiará estes traballos coa achega do 70% do orzamento, é dicir, máis de 278.000€, e o Concello de Ponteceso achegará o investimento restante, case 120.000€.

O obxectivo da intervención é a construción dunha senda peonil na estrada AC-419, no treito que vai desde o punto quilométrico 2+990 ata o 3+350.

Executaranse unha senda peonil pola marxe esquerda da travesía, unha zona de aparcamento, dous pasos de peóns e un reforzo da sinalización existente.

Estas intervencións pretenden mellorar a seguridade viaria na zona de circulación, dar continuidade ao itinerario peonil existente e executar pasos de peóns seguros.

Tras a aprobación do acordo do Consello, a Xunta encargárase da licitación das obras, coa previsión de poder inicialas en setembro e que estean finalizadas a principios de 2026.

Estes proxectos desenvólvense ao abeiro do Plan Hurbe, un programa da Xunta que impulsa actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos, para contribuír á revitalización do territorio.

Este programa impulsado polo Goberno galego tamén posibilita reforzar o atractivo das aldeas, vilas e municipios, o que redonda na mellora da calidade de vida da veciñanza, no reforzo da competitividade económica e na fixación de poboación, especialmente no rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS DE SAÚDE E PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POR IMPORTE DE 5,1 M€

- O contrato prevé a limpeza dunha superficie global de máis de 57.000 m²
- O período de vixencia será de dous anos, cunha posible prórroga por 12 meses máis
- Con este investimento, o Executivo galego garantirá os niveis de calidade, especialización, supervisión, coordinación e xestión do proceso de limpeza, acordos coa importancia do propio proceso de saúde

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por importe de 5.187.284 euros e un período de dous anos, do servizo de limpeza dos centros de saúde e puntos de atención continuada dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

O contrato tamén recolle a posible prórroga, ata 12 meses máis, cun valor estimado neste caso que se eleva aos 7.287.920 euros.

A superficie total para limpar que prevé este contrato nos distintos centros supera os 57.000 metros cadrados.

O servizo de limpeza abrangue os exteriores e interiores dos inmobles e todas as súas dependencias, que inclúen locais, patios interiores, azoteas, aparcadoiros, xardíns, ascensores, cristais, oficinas, etc. Tamén inclúe a recollida e evacuación de residuos ata os lugares indicados pola Xerencia da Área Sanitaria, e o transporte, recollida e distribución da roupa sucia e a distribución en cada centro da roupa limpa.

O número estimado de horas anuais necesarias para a prestación do servizo en todos os centros establécese nun máximo de 119.629 horas.

As empresas interesadas nesta contratación presentarán nas súas ofertas o número de horas anuais efectivas que propoñen para a realización do servizo en cada centro e o seu detalle por días, quendas e áreas. A prestación do servizo deberá axustarse aos horarios de cada centro, e débese garantir a correcta prestación do servizo en todas as unidades de cada un deses centros.

O empresario disporá de toda a maquinaria necesaria para realizar con eficacia os servizos encomendados.

Con este investimento, o Executivo galego garantirá os niveis de calidade, especialización, supervisión, coordinación e xestión do proceso de limpeza, acordos coa importancia do propio proceso de saúde que se leva a cabo nos centros sanitarios onde se van desenvolver os servizos obxecto da contratación, permitindo a correcta prestación asistencial aos pacientes e usuarios do Sistema público de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 12,2 M€ A COMPRA DE MATERIAL E POSTA Á DISPOSICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A REALIZACIÓN DE TERAPIAS DE HEMODIÁLISE NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O contrato terá unha duración inicial de dous anos e recolle unha posible ampliación por un período de 24 meses máis
- Trátase da primeira contratación centralizada deste tipo de material, coa cal se prevé un aforro de máis 1 millón de euros ao ano
- O expediente distribúese en 10 lotes e instrumentalízase a través dun acordo marco

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á licitación, por un importe de 12.265.426 millóns de euros, do contrato para a adquisición de material funxible e a posta á disposición do equipamento necesario para a realización de terapias de hemodiálise por parte do Servizo Galego de Saúde.

O contrato terá unha duración inicial de dous anos e recolle unha posible ampliación por un período de 24 meses máis.

O Goberno galego autorizou a tramitación deste expediente que se distribuirá en 10 lotes e coa cal se dará resposta ás diferentes modalidades de hemodiálise que ofrece o Sistema sanitario público galego.

En concreto, o contrato inclúe o material e o equipamento necesarios para as terapias de hemodiálise en liña, as terapias con hemodiálise de alto fluxo, terapias de ultrafiltración alta e medio *cut off*, as terapias de alta ultra filtración e baixa tromboxenidade, terapias con gradiente de potasio e as terapias de hemodiálise para situacións de hipersensibilidade a polisulfona.

Ademais, o expediente inclúe a subministración de contedores e cartuchos de concentrado ácido para a diálise, de solucións ácidas para hemodiálise e hemofiltración e a compra de catéteres tunelizados de diferentes diámetros.

O procedemento de licitación instrumentalízase a través dun acordo marco que se estruturará en dúas fases. En primeiro lugar, seleccionaranse de forma centralizada catro empresas para cada un dos lotes e, a seguir, adxudicaranse os contratos en cada área sanitaria, conforme o establecido no acordo marco.

Trátase da primeira contratación centralizada do Servizo Galego de Saúde para este tipo de material. Unha modalidade coa cal se espera unha redución media dos prezos actuais de entre o 10 e o 15 %. Suporá un aforro de máis de 1 millón de euros ao ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN POR 2,9 M€ DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APARELLOS ELEVADORES, PORTAS AUTOMÁTICAS E ESCALEIRAS MECÁNICAS DOS CENTROS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Trátase do mantemento de 1.573 equipos, dos cales 987 son portas automáticas e 520 ascensores
- O período de vixencia do contrato é de tres anos, con posibilidade de prórroga por outros dous
- Esta é a segunda contratación centralizada que realiza o Servizo Galego de Saúde deste servizo de mantemento

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por importe de 2.942.841 euros e un período de tres anos, a contratación do servizo de mantemento de aparellos elevadores, portas automáticas e motorizadas e escaleiras mecánicas dos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde.

O contrato establece a posibilidade de prórroga por un máximo de dous anos e, neste caso, elevarase o seu valor estimado a 4,5 millóns de euros.

Desde o ano 2020 está unificada e centralizada a licitación do mantemento de ascensores e outros equipos similares, igualando de forma básica o xeito de execución do servizo para os distintos centros, e esta é a segunda contratación centralizada destes que se fai para o mantemento destes equipamentos.

O contrato abrangue o mantemento de 1.573 equipos das sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e o obxectivo primordial é mantelos en boas condicións de funcionamento e seguridade, ademais de conseguir o mellor estado das súas partes e elementos que os compoñen e minimizar as posibles paradas como consecuencias das avarías.

A desagregación dos máis de 1.500 equipos corresponde a 520 ascensores, 20 escaleiras mecánicas, 26 montacargas, 987 portas automáticas e 20 portas motorizadas.

A pandemia da COVID impulsou a necesidade de modernizar os sistemas de infraestrutura en hospitais e as portas automáticas convertéronse nunha solución efectiva para mellorar a seguridade, a hixiene, a eficiencia e a accesibilidade.

Preténdese tamén nesta contratación a instalación de control en liña en determinados elevadores situados en centros hospitalarios, coa finalidade de mellorar a súa seguridade, eficiencia e fiabilidade, optimizando tanto a operatividade como o mantemento, que é crucial en contornos tan demandantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Búscase, así mesmo, ampliar a cobertura do mantemento de portas automáticas e motorizadas a un servizo integral todo incluído, que abrangue todos os repostos necesarios, tal como esta configurado o servizo de mantemento en elevadores e escaleiras mecánicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 260.000 € NA REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE CEE, DE TITULARIDADE MUNICIPAL

- O importe total das obras ascende a máis de 320.000 euros
- As obras teñen por finalidade a rehabilitación da envolvente da edificación para mellorar a eficiencia enerxética e a impermeabilización de parte dos elementos que a conforman

O Executivo galego investirá preto de 260.000 euros na reforma do centro de saúde de Cee, de titularidade municipal.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, e o Concello, no cal se establecen as bases para a reforma do centro de saúde do municipio, que suporá un investimento global de 322.000 euros.

As obras previstas teñen por finalidade a rehabilitación da envolvente da edificación para mellorar a eficiencia enerxética e a impermeabilización de parte dos elementos que a conforman.

Deste xeito, levaranse a cabo actuacións en carpintaría exterior de aluminio de ventás, coa súa renovación para o control da demanda enerxética; actuacións en carpintaría exterior de aluminio de portas para mellorar a accesibilidade ao centro de saúde e o PAC e en fachadas para mellorar o illamento térmico, ademais de pavimentación e impermeabilización do solo do patio interior e renovación da instalación de saneamento de pluviais.

Con esta obra culmínanse as actuacións previstas no centro de saúde de Cee, logo da renovación da caldeira en 2024, cun investimento conxunto de 60.190 €.

A colaboración entre a Xunta e o Concello enmárcase no obxectivo de dotar de mellores infraestruturas sanitarias de atención primaria, mediante actuacións que lles permitan incrementar as dotacións e infraestruturas dedicadas á atención asistencial aos veciños de Cee.

Tal e como recolle o convenio, o Concello levará a cabo as actuacións necesarias para a correcta reforma do centro de saúde e encargarse da redacción do documento técnico para a execución das obras, así como da súa contratación e execución.

Pola súa parte, o Departamento sanitario galego coordinará as actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución dos traballos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBÚE Á PRODUCCIÓN DA ÓPERA CARMEN COMO PRATO FORTE DA 73ª TEMPORADA LÍRICA DA CORUÑA

- Renóvase o convenio anual coa Asociación Amigos de la Ópera para apoiar o labor de promoción e difusión musical que desenvolve neste ámbito a entidade decana das asociacións líricas españolas
- A obra mestra de Bizet representarase a primeiros de setembro con Gianluca Martinenghi na dirección musical e Calixto Bieito na escénica

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación da colaboración anual coa Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña, que en 2025 implica unha achega de 160.000 euros para a organización da 73ª Temporada Lírica da cidade herculina coa posta en escena de *Carmen*, de Bizet, como prato forte. Este apoio materializarase mediante a sinatura do correspondente convenio, a través do cal o Goberno galego mantén o seu compromiso co labor de promoción e difusión que, neste ámbito musical, vén desenvolvendo desde hai máis de 70 anos o colectivo coruñés, entidade decana das asociacións líricas españolas.

A implicación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude nesta iniciativa posibilitará que o público galego poida gozar da posta en escena da ópera *Carmen*, obra mestra de Georges Bizet, no ano en que se conmemora o 150º aniversario da súa estrea e do pasamento do afamado compositor francés.

Para esta gran produción, que se poderá ver no Pazo da Ópera coruñés a primeiros de setembro, contarase con Gianluca Martinenghi como director musical, con Calixto Bieito como director de escena e coa mezzosoprano Sofija Petrovic á cabeza dun elenco de primeiro nivel. Esta será un dos principais acontecementos na programación de 2025 da Temporada Lírica, que a organización presentará a finais de maio e que, como en anos anteriores, ofrecerá numerosas citas musicais e formativas durante todo o outono.

A través deste apoio, búscase contribuír a unha maior e mellor difusión da música lírica e a reforzar o papel da Temporada Lírica da Coruña como referente galego e mesmo estatal non só polas súas grandes producións operísticas, senón tamén polo seu traballo de divulgación e creación de públicos. Neste sentido, é igualmente relevante o seu labor como unha das principais plataformas para a proxección de cantantes, compositores e músicos galegos neste ámbito, en convivencia con destacadas figuras a nivel nacional e internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA EN RIBADAVIA O PROXECTO DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL VILAS VIVAS COMO EXPERIENCIA PILOTO PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NOUTRAS VILAS SENLLEIRAS GALEGAS

- A Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración bianual dotado con preto de 590.000 euros co concello ourensán, tras a súa solicitude de adhesión a esta iniciativa encadrada no novo Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030
- O acordo permitirá avaliar o impacto deste proxecto de comercio de atracción dirixido a vilas con potencial turístico e cun núcleo histórico singular con alta concentración de locais pechados, dinamizando o sector e estimulando o fluxo de visitantes
- Durante a primeira fase do acordo, que comeza agora, Ribadavia encargárase da selección e xestión dos baixos en desuso en que se desenvolverá a proposta, que serán alugados e acondicionados para a súa posta á disposición en formato efémero
- Posteriormente, mediante concorrencia pública e criterios obxectivos, terá lugar a selección de participantes garantindo a rotación e a diversidade das persoas comerciantes e artesás interesadas en formar parte das actividades
- Está previsto que as primeiras actuacións de dinamización comercial dean comezo no último trimestre de 2025, baixo o deseño, coordinación e seguimento da Xunta a través da Oficina Técnica de Vilas vivas

A Xunta porá en marcha en 2025 *Vilas vivas*, unha iniciativa de comercio de atracción orientada a revitalizar contornos comerciais urbanos de vilas senlleiras e estimular a afluencia de visitantes, enmarcada no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030. O programa comezará cunha experiencia piloto no concello de Ribadavia —que solicitou a súa adhesión no marco da aposta do municipio pola reactivación do comercio local— e funcionará como modelo inicial para a súa posterior continuidade noutras localidades galegas con potencial turístico e cunha produción local enraizada no territorio como motor económico. Con este fin, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio bianual dotado con preto de 590.000 euros con este municipio ourensán. O acordo permitirá testar o impacto do proxecto —cuxas actividades arrincarán no último trimestre do ano— ao tempo que contribuirá á dinamización do tecido comercial de Ribadavia e a incentivar o fluxo de persoas, favorecendo sinerxías con outros sectores como o turismo e a gastronomía.

Vilas vivas é unha das máis de 70 actuacións recollidas no dito Plan estratéxico —xunto con outras medidas de comercio de atracción, como a potenciación das prazas de abastos— e está pensada para impulsar aquelas vilas e cabeceiras de comarca singulares que dispoñen de gran valor patrimonial e dunha alta concentración de locais comerciais pechados. O obxectivo é pór en marcha un proxecto integral de impulso comercial mediante a recuperación de baixos sen actividade, alugándoos, acondicionándoos e promovendo o seu uso por parte de comerciantes e artesáns en formatos rotativos. Así, a adhesión de Ribadavia a *Vilas vivas* permitirá impulsar o seu núcleo urbano medieval —declarado Conxunto Histórico-Artístico e Ben de Interese Cultural— e potenciar visitantes a través de experiencias efémeras, afondando nos vencellos entre comercio,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

artesanía e restauración, que se sumarán ao resto da oferta da vila, capital do Ribeiro, e contribuirán ao fomento do emprendemento local ligado ao territorio.

Fases de execución do convenio

O convenio conta cun orzamento de 589.050 euros, distribuído en dúas anualidades, e estenderase ata decembro de 2026, baixo a coordinación da Xunta a través da Oficina Técnica de *Vilas vivas*. Durante a primeira fase de execución, que comeza agora, o concello de Ribadavia encargárase da selección e posta á disposición dos locais en desuso en que se desenvolverá a proposta, que serán alugados ás persoas propietarias por un mínimo de dous anos prorrogables e que se sumarán a outros de titularidade municipal que tamén formarán parte do proxecto, como a igrexa da Madalena. O seguinte paso consistirá na licitación e execución dos contratos para o acondicionamento destes baixos para o seu uso comercial. Tamén se avanzará noutras actuacións complementarias dirixidas á dixitalización ou á integración do resto comercios xa en funcionamento, favorecendo unha imaxe unificada e homoxénea.

Completadas estas actuacións, terá lugar a selección de participantes mediante concorrência pública e criterios obxectivos, co fin de garantir a rotación, diversidade e participación aberta dos comerciantes e obradoiros interesados. Tamén se executarán actuacións encamiñadas á decoración e sinalización das rúas.

En paralelo, a Oficina Técnica do proxecto, en coordinación do concello de Ribadavia, artellará unha programación e un calendario de apertura e de dinamización comercial, co obxectivo de que se dea inicio no último trimestre deste ano. Cómpre sinalar, ademais, que no marco do convenio a Xunta apoiará tamén accións formativas para o tecido comercial, así como os custos de persoal de apoio vencellado ás actividades de dinamización.

Artesanía, saber e sabor

O potencial do comercio como motor dinamizador de Ribadavia xa se fixo patente coa organización, en decembro pasado, do mercado *Artesanía, saber e sabor*, promovido pola Xunta e que transformou durante tres días o núcleo histórico nun espazo comercial de produtos artesanais e agroalimentarios, combinando vendas con actividades culturais e obradoiros. A acollida foi un éxito, xerou un importante impacto na vila e serviu de antesala para o enfoque de revitalización que agora persegue *Vilas vivas*, co obxectivo de estendelo posteriormente a outros enclaves de Galicia de similares características.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SOLICITARÁ UN INFORME Á COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA SOBRE A POSIBLE CONDUCTA ABUSIVA DE RENFE ANTE O BLOQUEO DA VENDA ANTICIPADA DE BILLETES

- Tal e como se vén reiterando desde o Executivo galego, e segundo as denuncias trasladadas tamén polos propios usuarios, en Galicia a compra de billetes vese restrinxida a prazos moi reducidos, algo que non se produce noutras CCAA
- O informe analizará se esta conduta podería constituír un abuso de dominio derivado da posición de monopolio de Renfe, sen que a empresa teña xustificado as razóns destas condicións especialmente prexudiciais para o mercado galego
- O obxectivo é avaliar as medidas necesarias para protexer os dereitos das persoas usuarias e das empresas que operan nos mercados conexos, garantindo o cumprimento dos principios de igualdade, eficiencia e competencia neste ámbito
- O Goberno galego insiste en que Galicia debe contar cun servizo de transporte ferroviario á altura das necesidades da cidadanía, áxil, eficiente e coas mesmas garantías que no resto do Estado

O Consello da Xunta acordou hoxe solicitar formalmente un informe á Comisión Galega da Competencia, adscrita ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, para analizar se a política da empresa Renfe Viaxeiros de limitar a venda anticipada de billetes ferroviarios en Galicia podería constituír un abuso de dominio derivado da súa posición de monopolio. O obxectivo é avaliar as medidas necesarias para protexer os dereitos das persoas usuarias e garantir o cumprimento dos principios de igualdade, eficiencia e competencia no acceso dos galegos e galegas ao transporte por ferrocarril.

Tal e como se vén reiterando desde o Executivo galego, e segundo as denuncias trasladadas tamén polos propios usuarios, en Galicia a compra anticipada de billetes vese limitada a prazos moi reducidos —entre dous e tres meses—, algo que non se produce noutras comunidades autónomas de España. Esta restrición non só impide aos usuarios e usuarias beneficiarse de descontos ou mellores condicións —podendo planificar con tempo as súas viaxes— senón que tamén impacta negativamente en sectores que operan en mercados conexos —como as que prestan servizos de organización de viaxes—, sen que Renfe teña xustificado as razóns destas condicións especialmente prexudiciais para o territorio galego.

Garante da competencia e dos dereitos dos consumidores

A Xunta defende un transporte ferroviario á altura das necesidades de Galicia e pon de manifesto que a posición de monopolio de Renfe non lle exige da obriga de competir para garantir un mercado no que os prezos e a calidade na prestación dos servizos sexan os máis eficientes posibles, xa que como sinala a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 13 de febreiro de 1979 existe un elemento de “responsabilidade especial” por parte das empresas dominantes consistente en “non impedir, co seu comportamento o desenvolvemento dunha competencia efectiva e non falseada no mercado”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste contexto, o Goberno autonómico considera que esta práctica podería carecer de xustificación económica obxectiva e supoñer unha discriminación arbitraria que prexudica especificamente a Galicia. Así, e ao abeiro do artigo 2 da Lei 15/2007, de Defensa da Competencia, podería configurarse como unha conduta abusiva derivada dunha posición de dominio que lle permite operar con independencia respecto dos seus clientes e dos consumidores.

Avaliación das posibles prácticas abusivas

Coa medida aprobada hoxe no Consello da Xunta, o Goberno galego busca velar e protexer os intereses dos usuarios e usuarias do servizo ferroviario en Galicia, solicitando á Comisión Galega da Competencia, no marco das súas funcións neste ámbito, que emita un informe para analizar tres aspectos fundamentais.

Por unha banda, se a restrición á venda anticipada de billetes de transporte ferroviario por parte de Renfe Viaxeiros aos usuarios galegos pode constituír un abuso de posición de dominio, dado o seu monopolio no transporte de pasaxeiros por ferrocarril en Galicia e, pola outra, se dita conduta pode cualificarse de abusiva ao abeiro do artigo 2 da Lei de Defensa da Competencia, ao carecer de xustificación económica obxectiva e representar un comportamento que a empresa non adoptaría nun contexto de competencia efectiva.

En terceiro lugar, no informe solicitado tamén se analizarán as posibles medidas a adoptar por parte da Comisión Galega da Competencia á vista das conclusións extraídas, co obxectivo de garantir os dereitos dos consumidores galegos e restaurar as condicións de competencia no mercado.

O Goberno galego insiste na necesidade de que Galicia conte cun servizo ferroviario moderno, áxil e eficiente, acorde coas necesidades da súa cidadanía e coas mesmas garantías que no resto do Estado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA COMPENSA A ARMADORES E TRIPULANTES DE EMBARCACIÓNS AFECTADOS POLA VEDA DO XURELO E DO POLBO CON AXUDAS QUE ROLDAN OS 7M€

- Destas achegas beneficiaranse 2.038 mariñeiros e 412 navieiros dedicados á captura das dúas especies
- O obxectivo é compensar a adopción de medidas de conservación e protección dos recursos mariños vivos e os seus ecosistemas, garantindo a viabilidade duradeira do sector pesqueiro
- A Consellería do Mar prevé publicar este mes no DOG a orde que regula estas axudas

O Consello da Xunta deu conta do informe de dúas ordes de axudas por valor 6.967.662 euros polas que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, ás persoas armadoras e, non competitiva, ás persoas tripulantes, pola paralización temporal da actividade na pesqueira do xurelo, na frota de cerco e determinados buques de artes menores dependentes da dita especie, durante 2024, así como pola paralización temporal da actividade na pesqueira do polbo durante este exercicio.

A norma, que recolle o procedemento administrativo para a solicitude destas achegas, publicarase ao longo do mes de maio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). O prazo para formalizar a petición será dun mes, a partir desta publicación. Están cofinanciadas nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

No caso da veda do xurelo, poderán beneficiarse 65 navieiros e 658 mariñeiros. Polo que respecta á paralización do polbo, estes aumentan aos 345 no primeiro caso e a 1.380 no segundo. Como novidade con respecto a convocatorias anteriores, nestas dúas novas ordes os armadores que cumpran tamén coa condición de tripulante poderán resultar beneficiarios por esa dobre condición, e poderán cobrar a axuda conxuntamente como armador e tamén como tripulante.

No caso da parada do xurelo o importe das axudas por tripulante é ascende a 2.200 euros e no caso dos armadores ascende, de media, a 22.687 euros. Por outra banda, na parada do polbo é de 2.762 euros por tripulante e no caso dos armadores unha axuda media de 4.514 euros.

As compensacións, tal e como detalla o informe, correspóndense cos seguintes períodos: no caso do xurelo, dous espazos temporais de trinta días consecutivos, para elixir entre os meses de xaneiro, febreiro e decembro de 2024, e, no caso do polbo, do 1 ao 30 de abril de 2025.

Obxecto das axudas

O obxecto deste tipo de axudas é o de compensar a adopción de medidas de conservación e protección dos recursos mariños vivos e os seus ecosistemas, favorecendo as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, garantindo a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego.

As actuacións que subvencionan favorecen o obxectivo específico 1.3 do FEMPA, Contribuír a un nivel de vida axeitado. Encádranse no marco da prioridade 1, Fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos, e do obxectivo político 2, Unha Europa máis verde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE ESTE ANO MÁIS DE 7,1 M€ EN ACTUACIÓNS PARA CONSERVAR E PROTEXER OS VALORES DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

- O Consello toma razón dun informe en que se inclúen as actuacións proxectadas en 2025 para garantir a preservación do patrimonio natural, cultural e etnográfico dos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada
- Lévanse a cabo, entre outras actuacións, traballos para mellorar o ciclo da auga, restaurar os hábitats e crear áreas recreativas que garantan o equilibrio entre a protección ambiental e o uso público
- Recuperaranse inmobles de gran valor cultural no marco do obxectivo do Goberno galego de dignificar, preservar e difundir o patrimonio da costa ao abeiro da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral

A Xunta está a investir este ano máis de 7,1 millóns de euros en actuacións para conservar e protexer os valores ambientais, naturais, culturais e etnográficos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia -conformado polos arquipélagos das Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada-, e para a súa posta en valor pola súa contribución clave para incrementar a resiliencia da Comunidade ante ao cambio climático.

Segundo recolle un informe do que tomou razón esta mañá o Consello da Xunta, no cal se inclúen proxectos que dan continuidade ao plan reitor de uso e xestión (PRUX) deste espazo natural protexido, ao longo deste ano 2025 estase a avanzar nas catro grandes áreas de actuación que fixa o documento: conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural; investigación, seguimento e avaliación; uso público, e mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos.

En concreto, unha das actuacións de maior incidencia será a mellora do ciclo da auga neste espazo natural. Así, en 2025, o Goberno galego destina, con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea, máis de 1,05 millóns de euros para acometer, entre outras accións, obras no sistema de fosas sépticas no arquipélago das Cíes; a adecuación das instalacións para a depuración de augas residuais en Ons, e para mellorar o abastecemento de auga potable en Cortegada.

Tamén ao abeiro do PRTR, continuarase cos traballos de restauración ambiental optimizando o uso de dous mananciais de auga na illa de Cortegada e coa recuperación de hábitats insulares nas Cíes, con máis de 315.000 euros de orzamento.

Nesa liña de garantir a preservación, mantemento e conservación do patrimonio natural e rural do Parque Nacional, o Goberno galego destina este ano preto de 650.000 euros, a través do Fondo europeo agrícola de desenvolvemento rexional (Feader), á eliminación e control de especies exóticas invasoras, á preservación de aves mariñas e ao seguimento e control de mamíferos carnívoros exóticos, como o visón americano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, ademais de colaborar xunto con outras illas de Canarias e Irlanda no proxecto transnacional Life Insular de conservación e restauración de hábitats insulares prioritarios no Océano Atlántico -dos cales Galicia xestionará este ano preto de 200.000 euros-, trabállase na preservación destes espazos con accións como a recollida manual de semente de plantas autóctonas, a súa produción en viveiro e posterior plantación para a recuperación de hábitats autóctonos.

E, de cara a garantir o equilibrio entre a preservación dos valores naturais e o disfrute por parte dos visitantes, crearanse e melloraranse áreas recreativas e zonas de uso público e deseñaranse itinerarios ambientais e patrimoniais.

Por outra banda, ademais da convocatoria anual da orde de axudas para proxectos na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional por preto de 150.000 euros, a Xunta destina máis de 470.000 euros -cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder)- a iniciativas para divulgar os valores deste espazo protexido, como charlas, proxeccións, rutas guiadas, publicacións en redes sociais, etc.

Tamén está previsto dotar a illa de Ons dun novo sistema de grupos electrógenos co obxectivo de renovar, modernizar e mellorar a xeración de electricidade. O orzamento estimado é de preto de 275.000 euros.

Posta en valor do patrimonio cultural

A programación de actuacións do Parque Nacional para 2025 tamén inclúe a restauración e posta en valor de inmobles de gran valor cultural en liña co obxectivo da Xunta de dignificar, preservar e difundir o patrimonio da costa ao abeiro da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral.

Así, logo de rehabilitar a capela de Cortegada, a Xunta ten previsto converter a antiga nave de salga de Sálvora nun centro de visitantes. A través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o organismo autónomo Parques Naturais, e con financiamento do PRTR, destinaranse 2,6 millóns de euros a esta actuación durante os anos 2025 -1,6 M€- e 2026 -1 M€-.

Nesa liña de recuperar o patrimonio cultural dos diferentes arquipélagos do Parque Nacional, a Axencia de Turismo de Galicia traballa na restauración do faro de Sálvora, cun investimento previsto este ano de arredor de 850.000 euros e, a maiores, tamén desenvolve actuacións de mellora de accesos a praias, recuperación de camiños e instalación de nova sinalización. En total, ten previsto destinar uns 2,5 millóns de euros a actuacións no Parque Nacional.

Cómpre lembrar que as actuacións que se van desenvolver nas Illas Atlánticas buscan contribuír á conservación e á mellora deste espazo protexido, ao tempo que se contribúe tamén a avanzar nos grandes obxectivos climáticos da Comunidade, como acadar a neutralidade nas emisións contaminantes no horizonte do ano 2040.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ANUNCIA UNHA NOVA CONVOCATORIA DO PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR PARA FACILITAR A CONCILIACIÓN DE COIDADORES HABITUAIS NON PROFESIONAIS

- Destínanse 1,1 millóns de euros para estadias temporais en residencias e centros de día ou para a contratación de coidados no fogar
- As contías máximas das axudas por beneficiario e ano son de 1.500 ou 1.000 euros, en función da modalidade de respiro familiar que se elixa

O Consello da Xunta informou dunha nova orde de axudas do programa Respiro Familiar para que persoas dependentes ou con discapacidade poidan pasar uns días en residencias e centros de día ou permanecer nas súas casas atendidos por un servizo de coidados a domicilio. O obxectivo desta iniciativa é dar tempo de descanso e facilidades para conciliar os coidadores non profesionais que habitualmente se fan cargo de atender estas persoas.

A convocatoria deste ano ten un orzamento de 1,1 millóns de euros e mantén as tres modalidades de respiro xa recollidas en edicións anteriores: Respiro en residencia, en centro de día e no fogar. A contía da axuda por persoa beneficiaria é de 1.500 euros no caso da primeira das modalidades, para contribuír ao pagamento dunha estadia temporal en calquera centro residencial da nosa comunidade.

Así mesmo, a achega ás familias para o pagamento dun servizo de atención diúrna é de ata 1.000 euros anuais por beneficiaria, e, no caso de optar por contratar unha persoa coidadora a domicilio, a axuda tamén pode chegar ata os 1.000 euros por persoa e ano.

Os requisitos para acollerse a estas subvención son que o coidador solicitante ou a persoa a que atende sexan residentes na Comunidade Autónoma. Ademais, a persoa que é coidada deberá ter recoñecida a súa situación de dependencia no grao II ou III; unha discapacidade física, psíquica ou mental en grao igual ou superior ao 75%, ou ben ter acreditado mediante informe médico e social a necesidade da axuda de terceiros para actividades da vida diaria.

Prazos de solicitude

A convocatoria desta orde de axudas do programa de Respiro Familiar publicarase mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). O prazo para a presentación de solicitudes finalizará o vindeiro 15 de outubro. Na anterior convocatoria de 2024, beneficiáronse deste programa un total de 982 persoas e atendéronse todas as peticións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA EN MIAMI O INICIO DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA APOIAR AS EMPRESAS GALEGAS ANTE A NOVA POLÍTICA ARANCELARIA DOS ESTADOS UNIDOS

- O Goberno galego continua co diálogo cos sectores económicos e pon en marcha un paquete de accións centradas na diversificación de mercados, o asesoramento internacional e o financiamento
- A Xunta promove esta semana encontros de traballo con clústeres e organizacións sectoriais para identificar necesidades e anticiparse aos impactos económicos das novas tarifas
- A través da Antena do Igape en Miami, estase a ofrecerlles información técnica ás empresas galegas sobre os cambios arancelarios e posibles estratexias de mitigación
- Actívarase un novo servizo de consultoría internacional no marco do programa Reacciona, para apoiar a diversificación comercial e a apertura de novos mercados
- Porase en marcha unha oficina de asesoramento técnico en internacionalización, dependente da Oficina Económica de Galicia, con conexión directa con Miami
- Lanzarase unha nova liña de préstamos de ata un millón de euros, con catro anos de carencia, o dobre do habitual, para empresas exportadoras galegas afectadas polos aranceis

O Consello da Xunta coñeceu hoxe do conxunto de medidas extraordinarias que a Xunta de Galicia activa este luns 19 de maio para apoiar as empresas galegas fronte ao novo escenario internacional derivado da política arancelaria dos Estados Unidos. O paquete de actuacións, que combina acción directa co tecido empresarial e medidas técnicas de apoio, busca anticiparse aos impactos económicos e reforzar a resiliencia internacional das compañías galegas.

A primeira das iniciativas consiste na realización dunha rolda de encontros sectoriais, que comezan hoxe mesmo e que se desenvolverán ao longo desta semana en colaboración coa Antena do Igape en Miami. Estas sesións de traballo, de carácter virtual, están dirixidas aos principais clústeres, consellos reguladores e asociacións representativas dos sectores máis expostos ás exportacións aos EE.UU. A orde será a seguinte: agroalimentario (19 de maio), naval e enerxías renovables (20), materiais de construción e pedra (21), biotecnoloxía e TIC (22), e sectores industriais (23).

Nestes encontros de traballo abordarase o contexto xeral das políticas arancelarias actuais dos Estados Unidos, marcadas por un enfoque crecente de proteccionismo comercial. Analizaranse os principais cambios recentes aplicados neste ámbito, coa súa correspondente cronoloxía, para comprender a evolución das medidas arancelarias e o seu impacto acumulado sobre os produtos e sectores máis sensibles.

Tamén se presentará o labor da Antena do Igape en Miami como instrumento estratéxico de apoio á internacionalización das empresas galegas, así como os efectos concretos destas políticas nos sectores exportadores de Galicia. O programa completárase coa exposición de alternativas estratéxicas para mitigar o impacto destes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aranceis e coa presentación dos servizos de acompañamento que ofrece a Antena, incluíndo casos prácticos de apoio a empresas galegas no mercado estadounidense.

Como complemento a esta acción directa, a Xunta activará un novo servizo de consultoría especializada en internacionalización no marco do programa Reacciona. Este instrumento permitirá que as empresas avalíen o seu potencial exportador, reformulen as súas estratexias e accedan a novos mercados menos expostos, contando con apoio técnico e orientación profesional para avanzar na diversificación comercial.

Así mesmo, o Goberno galego está a impulsar a creación dunha oficina de asesoramento técnico especializada, dependente da Oficina Económica de Galicia e en contacto permanente coa Antena do Igape nos Estados Unidos, para ofrecer un seguimento continuo da situación, atención personalizada ás empresas afectadas e servizos técnicos que abranguen desde a reformulación de estratexias ata a identificación de novos destinos comerciais ou adaptacións nos produtos. Os interesados xa se poden dirixir á Oficina Económica para obter información.

Nova liña de préstamos

No plano financeiro, a Xunta traballa xa na posta en marcha dunha nova liña de préstamos para empresas exportadoras galegas que operan co mercado estadounidense. Estes préstamos permitirán financiar capital circulante a longo prazo, cun importe de entre 100.000 e 1.000.000 de euros, prazos de ata 12 anos e unha carencia de catro anos —o dobre do habitual—, para facilitar a transición cara a novos mercados.

Estas medidas enmárcanse nunha estratexia máis ampla da Xunta para consolidar a presenza exterior das empresas galegas, fortalecendo a súa competitividade a medio e longo prazo.

Segundo os últimos datos, ademais de acadar en 2024 a maior cifra exportada da súa historia, ao superar os 31.000 millóns de euros, Galicia mantén unha posición destacada no panorama exportador estatal e representa o 7,73% do total das exportacións españolas. A pesar de que os EE.UU. non son o principal destino —supón arredor do 2,5% do total galego—, o Goberno autonómico considera esencial actuar con anticipación e realismo ante os retos que presenta este novo contexto.

Dentro das 1.000 empresas galegas que exportan aos EEUU, considérase que 300 son as que o fan de forma regular. Ademais, as exportacións aos Estados Unidos só supoñen o 2,6 % do comercio exterior de Galicia, equivalente a uns 800 millóns de euros anuais. Neste contexto, no escenario máis desfavorable *a priori*, de aplicación de aranceis do 25%, o impacto calcúlase nunha redución de arredor dos 200 millóns de euros en vendas, o que representaría só o 0,6 % do volume total de exportacións.

A redución das exportacións representaría un impacto moderado na economía rexional, e as empresas galegas contan con ferramentas para contrarrestar os efectos negativos a través de estratexias de diferenciación, negociación e diversificación de mercados. A evolución histórica do comercio cos EE.UU. suxire que, mesmo ante barreiras

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

arancelarias, Galicia demostrou a súa capacidade para adaptarse e seguir crescendo no comercio internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA TRANSPARENCIA E RENDICIÓN DE CONTAS CUN INFORME DE RENDICIÓN DE CONTAS DA SÚA ACTIVIDADE

- Con motivo da Semana de Administración aberta, o Consello de Goberno analiza un informe xeral da actividade das distintas consellerías durante o ano 2024
- O Portal de transparencia e goberno aberto publicará o documento o venres 23, para consulta de toda a cidadanía
- Este instrumento de rendición de contas debulla o orzamento xestionado por cada departamento e o seu impacto na vida cotiá dos galegos e das galegas

A Xunta avanza no seu obxectivo de transparencia e rendición de contas cun informe en que se recolle a actividade das distintas consellerías durante o ano 2024. O Consello de Goberno tivo ocasión de analizar hoxe este documento, presentado polo conselleiro de Facenda e Administración Pública e que se publicará no Portal de transparencia e goberno aberto o vindeiro venres 23.

O informe é un instrumento de rendición de contas que debulla o orzamento xestionado por cada departamento e o seu impacto na vida cotiá dos galegos e das galegas, e que se dá a coñecer coincidindo coa Semana de Administración aberta. Ten unha primeira parte na que analiza os datos globais da Administración xeral da Xunta no ano 2024, desde o orzamento ata os recursos humanos, pasando polos contratos adxudicados e as subvencións concedidas. Nunha segunda parte analízanse con detalle as actividades da Administración xeral da Xunta e o informe remata cun resumo global da actividade das entidades instrumentais.

O informe dá a coñecer aos cidadáns a actividade realizada o ano pasado por cada unha das consellerías do Goberno galego. En conxunto, o documento sinala que a Xunta de Galicia destinou máis de 820 millóns de euros a apoiar distintos colectivos. Así, dedicou un importante esforzo en apoiar as entidades locais (máis de 163 M€), as empresas e autónomos (máis de 419 millóns); a cidadanía (máis de 110 M€), e as entidades do terceiro sector (máis de 125 millóns de euros).

Así mesmo, en 2024 o persoal xestionado da Administración xeral ascendeu a 15.952 traballadores e a Administración autonómica asinou un total de 987 convenios de colaboración.

Impacto na cidadanía

Canto aos resultados obtidos para a cidadanía, destacan datos como o de que Galicia é a Comunidade autónoma co prezo medio de matrícula de grao e mestrado universitario máis baixo, ou que o 97% do alumnado solicitante dalgunha das bolsas convocadas pola Xunta resultou beneficiario.

Ademais, máis de 145.000 nenos e nenas teñen seguro deportivo gratuíto e preto de tres millóns de persoas participaron nas case 3.400 actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas xestionadas pola Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis de 155.000 persoas obtiveron un emprego (incluído por conta propia) nos seis meses seguintes tras recibir orientación laboral ou participar en programas de emprego. O Diario Oficial de Galicia acadou preto de 2,5 millóns de novos usuarios ou que, por exemplo, en liña coas peticións da UE, o 84,6% da enerxía xerada en Galicia é renovable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REITERA A NECESIDADE DE QUE O ESTADO A AS OPERADORAS GARANTAN A CONTINUIDADE DO SERVIZO ÁS PERSOAS E EMPRESAS AFECTADAS POLO 'APAGAMENTO' DO COBRE

- O Consello recibe un informe que sinala que a principios de maio aínda quedaban 4.771 liñas de cobre activas, que deberán ter unha solución de continuidade antes do 27 deste mes
- As alternativas para o peche das centrais de cobre, aprobado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), son responsabilidade do Estado e das operadoras
- A Xunta trasladou aos operadores toda a información que recibiu sobre as liñas pendentes e instounos a proporcionar solucións personalizadas para manter o servizo
- O Goberno galego leva máis de 15 anos comprometido coa conectividade do territorio con iniciativas como os plans de banda larga, a dotación de telefonía móbil en áreas illadas ou o mantemento dunha Oficina de Banda Larga

En Galicia aínda quedaban activas a principios de maio 4.771 liñas telefónicas de cobre en 72 concellos, das cales 1.271 son operadas directamente por Telefónica e 3.500 por outros operadores retalistas, que deixarán de funcionar antes do vindeiro 27 deste mes. A Xunta trasladou á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), ao Goberno do Estado e aos operadores a necesidade de que se garanta a continuidade dun servizo equivalente ou de mellores prestacións para as persoas e empresas usuarias desas liñas pendentes de migración, antes desa data.

O Consello da Xunta recibiu hoxe un informe sobre a situación deste proceso que están a levar a cabo a CNMC e as operadoras de telefonía. Malia que a competencia sobre as telecomunicacións lle corresponde en exclusiva ao Estado, a Xunta tomou a iniciativa de dirixirse tanto aos organismos e empresas responsables como aos concellos afectados, para asegurar a colaboración e a transparencia do proceso.

A Xunta reiterou, así mesmo, a súa vontade de colaborar cos responsables para asegurar o mantemento sen interrupcións dun servizo esencial para a cidadanía e a actividade económica da Comunidade Autónoma galega.

O pasado mes de xaneiro, a Xunta promoveu unha reunión coa CNMC en que se afondou na necesidade de crear mecanismos de difusión e apoio á cidadanía. Entre os compromisos adquiridos figuraban o de comunicar coa suficiente antelación o peche das centrais; informar sobre as alternativas dispoñibles, sobre todo cando o cambio a fibra non sexa posible; evitar cortes prolongados ou o illamento de persoas vulnerables que necesitan os servizos de comunicacións para a súa saúde e seguridade.

A Xunta tamén se reuniu con Telefónica para solicitar toda a información dispoñible sobre as liñas pendentes de migrar e, posteriormente, en marzo trasladouse esta información aos concellos a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta información sobre liñas pendentes está a ser permanentemente actualizada pola Xunta e trasladada aos operadores, para que poidan poñerse en contacto con todas as persoas afectadas para proporcionarlles unha solución personalizada. Esta acción foi resultado da reunión mantida o pasado 12 de maio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, operadores Telefónica e MásOrange, a FEGAMP, a Cruz Vermella e as deputacións. O obxectivo deste encontro foi o de por el común os procedementos e protocolos levados a cabo polas empresas responsables para minimizar o impacto deste proceso nos distintos servizos, persoas e empresas usuarias.

Compromiso coa conectividade do territorio

A conectividade do territorio, tanto con redes fixas como móbiles, é unha premisa indispensable para a modernización tecnolóxica de Galicia e para garantir un servizo esencial a unha poboación moi dispersa e con necesidades singulares, como as derivadas do envellecemento. Por iso, a Xunta leva desde hai 15 anos promovendo iniciativas e actuacións dentro das súas competencias.

Neste sentido, o Goberno galego logrou dedicar fondos Feder e Feader ao Plan de banda larga 2010-2013, que situou naquel momento Galicia á cabeza no desenvolvemento deste tipo de infraestruturas.

Posteriormente puidéronse dedicar fondos Feader á posta en marcha do Plan banda larga 2020, como actuación complementaria ás competencias do Estado para estender as redes de 100 Mbps ou máis. A partir dese momento, o Estado asumiu en solitario co programa UNICO as competencias para acadar o obxectivo de dotar toda a poboación da internet de, polo menos, 100 Mbps.

A Xunta ten tamén en marcha una actuación para mellorar a cobertura móbil en áreas rurais e illadas. Trátase dunha iniciativa pioneira en España, para a cal foi necesaria unha autorización expresa da Comisión Europea. Esta actuación está a ser posta como exemplo pola CE.

O Goberno de Galicia mantén unha oficina dedicada en exclusiva á banda larga, que traballa na definición da normativa, axiliza trámites administrativos e realiza unha vixilancia continua das medidas e actuacións postas en marcha por parte do Goberno de España no marco da súa competencia exclusiva na materia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTA CON MAIOR PORCENTAXE DE AUGAS DE BAÑO DE CALIDADE EXCELENTE QUE A MEDIA DE ESPAÑA E DA UNIÓN EUROPEA

- O 97 % das zonas do rexistro de augas de baño de Galicia ten unha clasificación sanitaria de excelente ou boa
- As praias de Peralto, en Boiro; de Area da Vila, en Camariñas; da Cabana, en Ferrol; e por primeira vez a zona de baño do Parrote, na Coruña, incorpóranse ao censo oficial
- A Xunta iniciará o vindeiro 1 de xuño unha nova campaña do Programa de vixilancia, tomando como referencia o informe final da tempada 2024
- A tempada pasada foron revisadas quincenalmente 502 zonas de baño con 519 puntos de mostraxe en 117 concellos
- En 2025 o censo oficial incluírá como novidades a área recreativa de Brocos, no encoro de Portodemouros no municipio de Agolada, e o río Támega-Tamicelas, en Laza
- O vindeiro 1 de xuño comezará a campaña de control de augas de baño da nova tempada que se prolongará ata o 30 de setembro
- A vixilancia das zonas de baño que realiza a Consellería de Sanidade ten como obxectivo evitar enfermidades respiratorias ou gastroenterite derivadas da contaminación microbiolóxica

O informe do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño correspondente á tempada 2024 indica que Galicia conta cunha porcentaxe maior de augas de baño marítimas e continentais de calidade excelente que o conxunto de España e da Unión Europea.

Na reunión semanal do Consello da Xunta, a Consellería de Sanidade presentou un informe cos datos relativos á pasada tempada, en que en Galicia un 90,4 % das augas analizadas oficialmente obtiveron a cualificación de excelente, fronte ao 87,6 % da media nacional e ao 85,1 % da Unión Europea.

Ademais, a Comunidade galega tamén obtivo a menor porcentaxe de augas de calidade insuficiente. Mentres que en Galicia a cifra foi do 1 %, a media do Estado é do 1,7 % e na Unión Europea, do 1,6 %.

En suma, o informe da Consellería de Sanidade reflicte que o 97 % das zonas do rexistro de augas de baño de Galicia ten unha clasificación sanitaria de excelente ou boa.

O pasado ano analizáronse 502 zonas de baño en 519 puntos de mostraxe que se encontran en 117 concellos, isto é, 4 zonas de baño máis que a tempada anterior.

Incorporáronse a praia da Cabana, en Ferrol, con calidade excelente; a de Area da Vila, en Camariñas, tamén con calidade excelente; a de Peralto, en Boiro, con calidade suficiente; e, por primeira vez, a zona de baño do Parrote, na Coruña, con calidade excelente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Identificáronse 19 verteduras durante a tempada de baño 2024 e todas foron comunicadas aos concellos e organismos de bacía para a adopción das medidas oportunas. No 95 % dos casos recibíuse resposta das actuacións realizadas.

A vixilancia sanitaria tivo lugar no 97,7 % dos puntos de mostraxe censados, xa que houbo dúas zonas de baño inaccesibles. Polo tanto, foron retiradas do rexistro e controis periódicos para a tempada 2025 as praias de Sacido, en Viveiro; e San Bartolo, en Barreiros, por levar varios anos co acceso pechado e ser inaccesibles.

Por outro lado, pasaron a formar parte do rexistro de augas de baño en avaliación o río Madalena, en Vilalba; a praia de Celeiro, en Viveiro; o río Nocedo, en Castrelo do Val; o río Bubal-Vilaza, en Monterrei; e o río Miño-Eiras, río Tamuxe-Muíño das Aceñas e río Tamuxe-Tamuxe, no Rosal.

Os concellos de Vilalba, Castrelo do Val, Monterrei e O Rosal, todos de auga continental, nunca antes contaran con zonas de baño rexistradas e agora serán analizadas durante 2 anos antes de confirmar a súa inclusión no censo oficial, que remite a súa información ao Goberno central e á Unión Europea.

Análises previas á tempada 2025

Galicia é a comunidade autónoma con máis praias censadas de toda España, cun 24,7 % do total. Antes de dar comezo á tempada de baño en xuño, a Dirección Xeral de Saúde Pública está a realizar mostraxes previas ao inicio dos controis regulares durante o mes de maio.

A Xunta destina 180.147 euros cada ano á recollida das augas de baño. Do 1 de xuño ao 30 de setembro realízanse controis quincenais e as mostras son analizadas no Laboratorio de Saúde Pública de Galicia que a Consellería de Sanidade ten en Lugo.

Deste xeito, recóllense en total 10 mostras de cada auga de baño: unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo da tempada.

Paralelamente, lévase a cabo a vixilancia sanitaria por parte do corpo de Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública de todas estas zonas de baño, que realizan unha visita de inspección polo menos unha vez na tempada co fin de avaliar o estado da auga de baño; se existen residuos na praia ou na auga; se existe algún tipo de vertedura, ou se está dispoñible e accesible a información ao público. Tamén se realizan visitas de inspección cando existen episodios curtos de contaminación, denuncias ou reclamacións.

O informe analizado hoxe no Consello da Xunta inclúe un adianto da tempada de baño 2025. Antes do seu inicio, o *Diario Oficial de Galicia* publicará a lista completa de zonas de augas de baño que compoñen a sección I do Rexistro, que inclúe como novidades a área recreativa de Brocos, no encoro de Portodemouros, no municipio de Agolada, e o río Támea-Tamicelas, en Laza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Toda a información está á disposición da cidadanía na web do Observatorio de Saúde Pública de Galicia.

Prevención de riscos para a saúde

Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos enterococos intestinais e *escherichia coli*. Ao final da tempada, cos resultados obtidos calcúlase a clasificación sanitaria de cada auga de baño mediante o sistema descrito na directiva europea correspondente.

Tamén se leva a cabo, en coordinación coas administracións competentes, a xestión do risco para a saúde derivado da exposición ás cianobacterias e ás súas toxinas nos encoros con augas de baño, seguindo as recomendacións da Organización Mundial da Saúde.

Na tempada de baño 2024 detectouse a proliferación masiva de cianobacterias, potenciais xeradoras de toxinas, na auga de baño de Portoquintela, no encoro das Conchas; na auga de baño da área recreativa de Brocos, no encoro de Portodemouros; e no regato que desemboca na praia de Vilarrube, en Valdoviño. Recomendouse absterse do baño e de realizar actividades acuáticas cando se detectou toxina no encoro ou un volume de cianobacterias superior aos límites estipulados.

A vixilancia realizada pola Consellería de Sanidade é importante porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado debido á importante afluencia que rexistran praias, ríos ou lagoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA MAÑÁ AS AXUDAS DESTE ANO DO PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL CO QUE CALCULA BENEFICIAR UNHAS 650 PERSOAS MOZAS

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, resalta que a orde estará dotada de 6,3 M€, “un 50% máis que o ano anterior”
- Enmarca esta medida na aposta da Xunta en apoiar á mocidade “no desenvolvemento dunha carreira profesional e un proxecto vital” na comunidade
- Inclúe dúas liñas de axudas, unha para a contratación de mozos con titulación e outra para os que non dispoñen de cualificación acreditable, ambas as modalidades a tempo completo e por un período de doce meses
- Esta medida súmase a outras do Goberno galego para fomentar o emprego xuvenil, como os programas Investigo (4,8 M€) ou o Galicia Emprega Moz@s (3,5 M€), e enmárcanse na futura Estratexia Mocidade activa, que impulsará o Executivo

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que a Xunta incrementa “nun 50%” o orzamento para o programa Primeira experiencia profesional co que se ofrecen “axudas ás empresas que contraten a menores de 30 anos”. Esta nova convocatoria, que saírá mañá publicada no *Diario Oficial de Galicia*, estará dotada de preto de 6,3 millóns de euros e a previsión é “que uns 650 mozos e mozas atopen un posto de traballo”, fronte aos 460 beneficiarios de 2024.

“A Galicia do mañá depende dos mozos e mozas de hoxe”, resaltou Calvo, quen incidiu na obriga da Administración en “facilitarlles o desenvolvemento dunha carreira profesional ou un proxecto vital nesta terra”.

Con ese fin, a través destas achegas, apoiarase a empregabilidade da mocidade mediante contratos formativos a tempo completo de doce meses de duración, dotándoa de competencias para poder acceder a un emprego estable e de calidade. Neste sentido, o obxectivo do Executivo autonómico é mellorar a empregabilidade da mocidade -un dos colectivos prioritarios nas políticas de emprego- atendendo as demandas do tecido empresarial e, ao mesmo tempo, contribuír a reter o seu talento en Galicia.

Detalles da convocatoria

Tal e como explicou Calvo, a convocatoria inclúe “dúas liñas de axudas”. Unha delas “para contratar mozas e mozos con titulación ou certificación profesional” e outra para brindar unha oportunidade tamén a quen careza de cualificación profesional recoñecida. En ambos os casos, os contratos formativos que se concerten deben ir dirixidos a menores de 30 anos que residan en Galicia e que se encontren en situación de desemprego e con inscrición no Servizo Público de Emprego.

Deste xeito, facilitaráselles un período de práctica profesional acompañada dun proceso de formación para o emprego que abre camiño á súa inserción laboral, xa que, unha vez rematado o proceso, contarán coas competencias para poder acceder a un emprego estable. Coas axudas dáse cobertura aos custos salariais dos postos, con contías que van dos 9.975 euros aos 16.625 euros, segundo ese criterio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As empresas interesadas en optar ás axudas -calquera que sexa a súa forma xurídica- terán de prazo para presentar as súas solicitudes desde o 27 de maio ata o 30 de setembro de 2025 e poderán consultar todos os detalles na orde que publicará mañá o DOG.

Futura Estratexia mocidade activa

O programa Primeira experiencia profesional foi unha das medidas anunciadas polo presidente Alfonso Rueda para os primeiros 100 días da lexislatura e forma parte da batería integral de accións autonómicas para fomentar o emprego xuvenil. A futura Estratexia Mocidade activa, na cal traballa a Xunta, abrangue este tipo de medidas e está dotada con 20 M€, soamente por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Dentro dela tamén se enmarcan outras iniciativas como o Programa Investigo, que promove a contratación de investigadores e tecnólogos menores de 30 anos, persoal técnico e outros profesionais en I+D+i, cun orzamento global de 4,8 M€, e Galicia Emprega Mozos, cun orzamento en 2025 de arredor de 3,5 M€ —iniciativa englobada na convocatoria de Galicia Emprega dotada con preto de 20 M€ e aberta ata o 30 de setembro-.

Estes apoios vense reflectidos en feitos como os últimos datos da EPA, do primeiro trimestre deste ano, que mostra que a poboación xuvenil (16-29 anos) rexistrou 5.300 novos ocupados e, ademais, que a taxa de paro de menores de 30 anos é menor en Galicia (18,3) que no Estado (19,9). Ademais, as cifras do paro de abril reflecten unha redución no paro dos menores de 30 anos do -6,77%, co cal acada, con 12.913, a cifra máis baixa para un mes de abril desde que hai rexistros (2005).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE 10.200 HECTÁREAS AO ABEIRO DA LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DESDE MAIO DE 2021

- O Consello do Goberno autonómico avaliou hoxe un informe da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con datos sobre os diferentes instrumentos da norma, caso dos polígonos agroforestais, as aldeas modelo ou as permutas
- Séguese traballando con ferramentas como o Banco de terras, que xestiona máis de 7.000 hectáreas de terreo distribuídas en máis de 18.000 parcelas, e coa posta en marcha do Banco de Explotacións, que neste ano 2025 incorporará os seus primeiros rexistros
- Estanse implementando, ademais, os diferentes instrumentos de planificación, como son o Mapa de usos agroforestais, o Catálogo de solos agropecuarios e forestais ou o Visor de solos agropecuarios e forestais
- Prevense tamén medidas de fomento, entre as cales destaca este ano unha nova liña de axudas destinadas a novas iniciativas de mobilización e recuperación de terras, como as permutas de especial interese agrario ou os polígonos de iniciativa privada

A Xunta recuperou máis de 10.200 hectáreas, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, desde a entrada en vigor desta norma, en maio de 2021. Así se recolle no Informe sobre o plan anual de actuación para a recuperación da terra agraria da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural correspondente a 2025, que foi avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego.

A maior parte desta superficie -unhas 9.500 hectáreas- corresponde aos 34 polígonos agroforestais de iniciativa pública que se encontran en diferentes fases de tramitación. Tamén cómpre ter en conta as 574 hectáreas das 21 aldeas modelo aprobadas, así como as case 183 hectáreas das permutas de especial interese agrario.

En paralelo, séguese traballando mediante ferramentas como o Banco de terras, que xestiona actualmente máis de 7.000 hectáreas de terreo distribuídas en máis de 18.000 parcelas, e coa posta en marcha do Banco de explotacións, que neste ano 2025 incorporará os seus primeiros rexistros.

Así mesmo, estanse implementando os diferentes instrumentos de planificación, como son o Mapa de usos agroforestais, o Catálogo de solos agropecuarios e forestais ou o Visor de solos agropecuarios e forestais.

Medidas de fomento

Todo isto se apoia en medidas de fomento, entre as cales destaca este ano unha nova liña de axudas destinadas á posta en marcha de novas iniciativas para a mobilización e recuperación de terras, como a declaración de permutas de especial interese agrario e polígonos de iniciativa privada. No caso concreto das permutas, a axuda estará destinada a atender os gastos notariais e de inscrición no Rexistro da Propiedade, derivados destas iniciativas. Xunto con estes gastos, tamén se habilitará unha liña de axudas para os custos dos servizos técnicos necesarios para levar a cabo os ditos traballos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, habilitaranse subvencións para conservación do contorno paisaxístico e loita contra a erosión en zonas de alta produtividade agraria que posúan alto valor paisaxístico vinculado á actividade e/ou elementos naturais para protexer ou conservar.

Outras medidas de fomento pasan por premiar aquelas actuacións que contribúan de forma singular a promocionar o medio rural e a xerar unha sociedade rural máis dinámica e cohesionada, mediante procedementos de concorrencia competitiva, así como o fomento á mobilización e recuperación de terras a través de proxectos xestionados polos grupos de desenvolvemento rural.

Importancia do sector primario

En Galicia é innegable a importancia do sector primario no ámbito económico e social da Comunidade. Con datos do ano 2023, o noso territorio conta con arredor de 41.507 explotacións que xestionan unha superficie agraria útil (SAU) de 579.162 hectáreas e unha produción estándar duns 2.890 millóns de euros.

O sector agrogandeiro desenvolve un labor esencial na fixación de poboación no rural e na xestión sustentable dese territorio desde o punto de vista económico, ambiental e social. O desenvolvemento económico nas áreas rurais é clave para xerar un crecemento sustentable e equilibrado do territorio.

Unha das demandas máis importantes das explotacións agrogandeiras e forestais galegas é unha mellor base territorial tanto cuantitativa como cualitativamente. Ao tempo, tamén hai unha demanda de novos emprendedores interesados en desenvolver a súa actividade no sector primario galego.

Precisamente para facer fronte á dita demanda de terra a través da recuperación de terreos hoxe en día abandonados ou infrautilizados, con producións agrícolas, gandeiras e forestais ambientalmente respectuosas e sustentables, e no contexto dunha acaída ordenación de usos nos solos agrarios, aprobouse a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.